

**“Coñecementos básicos de prevención e actuación
ante situacións de emerxencia interna”.**

A Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, en colaboración coa Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS), poñen a disposición de todos os profesionais un Plan de Autoformación en materia de prevención de riscos laborais, co obxecto de facilitar coñecementos básicos nesta materia.

Iniciase este proxecto coa apertura dun curso permanentemente aberto na Aula Virtual da Fegas centrado nas accións e medidas preventivas, encamiñadas a prever e controlar os riscos sobre as persoas e os bens e dar resposta axeitada as posibles situacións de emerxencia interna que se podan desenvolver nos centros de traballo.

Os contidos desta formación on-line na modalidade learning Cofee (LC) foron elaborados polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais. Compre sinalar que ao tratarse dunha actividade autoformativa non procederá a certificación horaria da mesma.

As unidades formativas que o conforman son as seguintes:

- Que é a prevención de incendios?.
- Cales son os medios de detección, alarma e extinción no caso de incendio?.
- Normas básicas de actuación ante un incendio.
- Que é un plan de autoprotección?.
- A sinalización nos centros de traballo.

Para calquera tipo de dúbida poden contactar co Servizo Central de PRL e condicións de traballo a través do correo PRL.Formacion@sergas.es ou do teléfono 881 542 821, ou dirixirse á Unidade de PRL correspondente a súa EOXI.